



LUÍSA VILLALTA: LIBRO DAS COLUNAS

## Galiza: o legado de Luís Villalta

*Libro das columnas*

*Luís Villalta*

*A Nosa Terra, Vigo, 2005. 110 páxs., 9 □*

Porque para Luís Villalta, como para Pessoa (di ela), as palabras son xente; xente destemida, é máis, pois témeselles cun "medo ancestral, un temor ao seu inveterado poder nominal, isto é, á súa capacidade de criar e transformar a realidade como tamén de nomear e definir a quen as utilizamos".

- 07:54 21/07/2005

Tags:

E Luís Villalta congratúlase de que a Academia legalizase esa palabra, Galiza, lexitimando a quen, coma ela, a viña utilizando na confianza da súa vitalidade nas raíces principais e más profundas da nosa lingua. Porque ela, poeta, ensaísta, narradora, dramaturga, neste libro, que é o conxunto das súas columnas periodísticas publicadas no semanario *A Nosa Terra* entre o 4 de xaneiro de 2002 e o 4 de marzo de 2004, fai patria co seu testemuño crítico de inquebrantable galeguideade e coa fe na invulnerábel arma das palabras.

Esta galeguideade cifrase enxuizando a propia lingua, a poesía, a educación, os medios de comunicación, a emigración e o trato que recibe o pobo galego do exterior ou ben dos poderosos no interior, a resposta popular na triste xesta do chapapote, a inxustiza da guerra □

Co galego máis limpo dotado dunha frescura como poucas, as páxinas deste libro, ás veces son graves: "[□] detrás do que na nosa sociedade actual representa a liberdade, ese ben absoluto, están outros bens moito más tanxibeis, concretos e contabeis que son os intereses. Portanto, é preciso facer a equivalencia e oponer, fronte aos intereses económicos das oligarquías capitalistas, a defensa dos intereses cívicos que son as liberdades, o único que pode garantir capacidade de acción por igual a toda a ciudadanía"; ás veces son irónicas e epigramáticas: "Quen ten cu ten medo, sempre se dixo[□]. Casos excepcionais, tamén hai quen non ten medo, ben porque estexa louco (ianqui normalmente) ou teña ideas con medos maiores aos da propia vida (os demais terroristas)".

Constante mostra do compromiso social e político da autora as palabras deste libro que, áinda que fosen escritas ó fio duns acontecementos moi concretos, como a catástrofe do Prestige ou a guerra de Iraq ou determinados sucesos de ámbito político ou cultural, permanecen cheas de actualidade porque manifestan, por riba de todo, unha toma de conciencia diante dun mundo que nos atinxe.

A poeta Luz Pozo fala de que cada poeta engade unha faísca de claridade ó poema total. Sucedé así con Luisa Villalta que, xunto o sentimento do irreparábel da súa morte, legounos xenerosamente a súa voz poética. E, agora, neste libro recuperamos tamén unha pintura cívica súa tan vital que é quen de provocar a definición da nosa propia galeguideade.

Certamente, "Galiza, esa palabra", como no enunciado dunha das columnas, é o seu legado.